

Ola pitiñas/os e peixiñas/os :

Que as nosas cabeciñas non paren de pensar! Estades preparados?

Estes retos son un pouquiño máis difícil, así que... Moita sorte e a comenzar!

### PUZZLE SUDOKU

Como xa sabedes hai que encher as casillas de modo que cada unha das seis filas, seis columnas e seis seccións 2 por 3, conteñan todos os números do 1 ao 6.

2		4		6	
	5			2	4
		2			5
4			1		2
5	1			4	
	2		4		

# PROPOSTA PARA OS NOSOS CHEFS

Contounos Cascarilla que vos gustaba moito elaborar receitas coa axuda das vosas familias. Pois ben, aquí vai unha proposta primaveral:

## CREMAS DE FROITAS

Podedes facer crema de calquera froita o bastante branda para ser esmagada por un garfo. Nós farémola con amorodos ou plátanos. Coa cantidade que indicamos para cada un poderás facer catro pratiños pequenos de crema.

### INGREDIENTES

- 1/4 litro de crema de leite ou iogur.
- 25g de azucré moído.
- 2 plátanos pequenos.
- Un anaco de limón.
- 220g de amorodos.



## COMO SE FAI


1. Corta os amorodos pola metade ou pela e corta os plátanos. Ponos nun cunco e esmaga cun garfo ata que quede suaviño



2. Bate o leite ou o iogur ata que queden espesos e cremosos. Engade o azucré e mestúrao todo ben coa froita esmagada.



3. Coloca a mestura da froita nos pratiños de servir. Decóraos ao teu gusto.



## PARA DECORAR

- Boliñas de chocolate.
- Uvas sen sementes.
- Linguas de gato.
- Cereixas confitadas.
- Kiwi.



## SUXERENCIAS



# ESPERAMOS QUE VOS GUSTE MOITO



## DITO PARA CONTAR COS DEDOS

ESTE FOI AO MAR E NON PESCOU NADA  
ESTE FOI AO MAR E PESCOU UNHA PESCADA,  
ESTE QUEDOU EN TERRA E LAVOUNA BEN LAVADA,  
ESTE QUEDOU EN TERRA E FIXO UNHA CALDEIRADA,  
E ESTE LAMBÓN LACAZÁN...PAPOUNA BEN PAPADA!

